



3º CONGRESO GALEGO DE SEGURIDADE E EDUCACIÓN VIARIA

As persoas primeiro

DOSIER INFORMATIVO

3º CONGRESO GALEGO DE SEGURIDADE E EDUCACIÓN VIARIA
19 e 20 de maio. Narón | Pazo da Cultura. Rúa Holanda, s/n

ORGANIZAN



PATROCINAN



Grupo
Coeiro

Presentamos unha nova edición do **Congreso Galego de Seguridade e Formación Viaria**, un foro sobre mobilidade, cultura viaria e espazo público no que participarán relevantes personalidades con moito que dicir nestes temas. **Narón** volverá ser un faro para as políticas destinadas a conseguir a tan desexada **Visión Cero** en materia de seguridade viaria.

Para definir o enfoque deste terceiro congreso seleccionamos o lema **“As persoas primeiro”**, unha frase que define en si mesma, de forma sinxela e rotunda, a filosofía que debe impregnar as nosas bandeiras como xente preocupada pola preservación non só da vida humana na súa relación coa mobilidade, senón da calidade de vida nas nosas comarcas, pobos, parroquias e cidades.

Será unha vez máis punto de encontro e referencia do sector da **seguridade viaria, a educación e a mobilidade humana**, co fin de establecer criterios, así como realizar un labor formativo, de concienciación social sobre esta realidade, promovendo **unha visión integral da mobilidade e o espazo público**.

Durante este daranse cita **líderes nacionais e internacionais, institucións e empresas** de diferentes puntos do noso país e procedentes de diferentes ámbitos da mobilidade e educación, no que se analizarán e debaterán sobre aspectos estratéxicos, intercambiando experiencias, coñecementos e boas prácticas para contribuír á mobilidade do futuro desde unha perspectiva sostible, as cales poderán ser obxecto de aprendizaxe e implementación. Esta terceira edición celebrarase os días **19 e 20 de maio no Concello de Narón, concretamente no Pazo da Cultura**, e centrarase en catro eixes temáticos:

- **Un novo modelo de espazo público**
- **Vehículos de mobilidade persoal e seguridade viaria**
- **Novas metodoloxías de educación para a boa mobilidade**
- **Cooperación internacional**

Tras dúas edicións de congresos bianuais que dan comezo no ano 2016, e tendo en conta a situación vivida ante a pandemia da Covid-19, o congreso que se tiña que celebrar no ano 2020 quedou posposto para o ano 2022. O equipo de Seguridade Viaria de Narón e o equipo da Rede de Cidades que Camiñan, que este ano ten a honra de sumarse á organización deste encontro, depositaron nesta cita toda a súa ilusión e esforzo para que o evento sexa do máximo interese, para que todas as persoas interesadas poidan sacar o máximo partido á experiencia.

Contexto

En 2015 a ONU deu un paso para incluír na Axenda 2030 a seguridade viaria como uns dos principais problemas de saúde pública e de desenvolvemento aos que facer fronte a través dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

Así mesmo a UE recoñece a necesidade de continuar cos esforzos na mellora da seguridade viaria realizados durante a década 2011-2020, o que a leva a actualizar a través do proxecto de resolución Mellorando a seguridade viaria no mundo do 18 de agosto de 2020 a proclamar o “Segundo decenio 2021-2030 de acción para a seguridade viaria”, co obxectivo de reducir á metade as mortes e lesións graves por accidentes neste período, así como a dar continuidade ao movemento Visión Cero para o ano 2050, con metas máis alcanzables.

Este ano supón o arranque do Segundo decenio de acción para a seguridade viaria, a Estratexia de seguridade viaria da Unión Europea e a Estratexia de seguridade viaria de España. O obxectivo destas tres iniciativas é reducir á metade o número de persoas falecidas e feridas graves en 2030.

O Equipo de Educación Viaria do Concello de Narón está comprometido co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible, impulsados polas Nacións Unidas na Axenda 2030 no cumprimento dos seus fins a través de todos os proxectos que se desenvolven e neste caso no 3º congreso que levará a cabo na nosa cidade no ano 2022.



Eixes temáticos

O primeiro eixe temático será **“Un novo modelo de espazo público”** que ten en conta os impactos ambientais, sociais e económicos ao redor da mobilidade que afecta ás persoas e mercadorías e que están a levar as cidades a un proceso de transición cara a modelos máis seguros, sostibles e eficientes. Ante esta situación, resulta clave comprobar os proxectos e programas que se realizan atendendo a estes novos modelos de mobilidade urbana.

O segundo eixe temático estará dedicado aos **“Vehículos de mobilidade persoal e seguridade viaria”**. Nel analizarase a situación actual que viven os espazos urbanos en canto modelos de mobilidade, ante o que se fai necesario garantir a seguridade de todos os usuarios do espazo público, contribuíndo a evitar conflitos entre estes, así como satisfacer as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras.

O terceiro eixe temático xira ao redor de **“Novas metodoloxías de educación para a boa mobilidade”**. Neste eixe falarase de como a educación e formación viaria deben estar presentes ao longo do ciclo vital das persoas en todos os modos de mobilidade, de aí a importancia de deseñar e promover accións encamiñadas a modelos de educación máis efectivos e acordes coas características que deben definir á boa mobilidade: segura, sostible e accesible.

O cuarto e último eixe temático tratará sobre a **“Cooperación internacional”**, como modo de apertura á colaboración e aprendizaxe entre países, así como entidades ou organizacións públicas ou privadas. Neste bloque falarase da posibilidade de realizar iniciativas conxuntas para a posta en marcha de proxectos de cooperación que promovan a cidadanía activa, a innovación social e a participación democrática.



Conclusións

Como resultado do congreso fíxase o obxectivo de redactar os seguintes documentos:

- Declaración de Narón sobre espazos seguros e amables
- Decálogo aspiracional sobre seguridade viaria en Galicia, un documento que puidese elevarse ás autoridades autonómicas, provinciais e locais, con obxectivos concretos a conseguir na extensísima rede viaria galega: velocidades máximas, deseño, espazos de coexistencia, prioridades, travesías, vías de terceiro nivel, etc.



Programa

19 DE MAIO

09:00 Recepción de invitados/as: entrega de documentación e acreditación.

10:00 Inauguración.

Marián Ferreiro Díaz. Alcaldesa de Narón.

Santiago Villanueva Álvarez. Director Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia e da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)

10:30 Conferencia Inaugural

José Francisco Cid Cid. Consultor experto en mobilidade e infancia.

11:30 Café

12:00 MESA 1. Un novo modelo de espazo público

FACILITA

Valerio Gonzalez Somoza. Arquitecto Máster en urbanismo.

MODERA

José Manuel Pan. Periodista de La Voz de Galicia.

COLOQUIO

Miguel Anxo Fernández Lores. Presidente da Rede de Cidades que Camiñan.

Anxo Queiruga Villa. Presidente de COGAMI e Vicepresidente de CERMI.

José Emilio Pérez Sevilla. Mestre de primaria, membro de ConBici e membro de Teachers for Future Spain.

MESA 1

Relatorio marco (persoa facilitadora): 15'

Coloquio dirixido pola persoa moderadora (15' cada participante aprox): 75'

Preguntas do público: 20'

Conclusións (persoa moderadora): 10'

Obxectivos MESA 1

O obxectivo desta mesa é analizar os desafíos que afronta o espazo público, promovendo unha visión integral da mobilidade e afondando en novos modelos de mobilidade urbana, no que se tratarán temas relacionados coas infraestruturas, vehículos, condutores, medio ambiente...

Os sistemas de mobilidade son un elemento básico para o funcionamento dunha comunidade, permitindo o dinamismo social e económico, así como intercambio social e cultural, articulando fluxos humanos entre os diferentes lugares que a compoñen. Sen dúbida, cantas menos viaxes se realicen co apoio dalgún medio mecanizado ou motorizado, mellor será, xa que non hai mellor fórmula para trasladarse que camiñando. Pero se temos que utilizar un modo ademais do noso propio corpo, mellor que este consuma canta menos enerxía mellor.

Os impactos ambientais, sociais e económicos ao redor da mobilidade que afecta ás persoas e mercadorías, están a levar a cidades, áreas metropolitanas, comarcas ou parroquias a adaptar o seu espazo público cara a modelos máis seguros, sostibles e eficientes. Resulta moi interesante estudar os avances que se realizan atendendo a estes novos modelos de mobilidade urbana, coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas e dos contornos en que viven.

Programa

16:00 MESA 2. Mobilidades alternativas e seguridade viaria

FACILITA

María José Aparicio Sanchiz, Subdirectora Xeral de Formación e Educación Viaria da DGT.

MODERA

Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario xeral do Concello de Narón.

COLOQUIO

José Ignacio Lijarcio Cárcel, Investigador e Coordinador do Grupo de Investigación FACTHUM-lab, do Instituto de Tráfico da Universidade de Valencia (INTRAS) e Director de Proxectos da Fundación Española para a Seguridade Viaria (FESVIAL).

Concepción Blocona Santos, Técnica de rehabilitación da ONCE.

Enrique Lorca Sánchez, Presidente da Confederación Nacional de Autoescolas.

Jeanne Picard Mahaut, Delegada en Galicia de Stop Accidentes.

18:00 Café

MESA 2

Relatorio marco (persoa facilitadora): 15'

Coloquio dirixido pola persoa moderadora (15' cada participante aprox): 75'

Preguntas do público: 20'

Conclusións (persoa moderadora): 10'

Obxectivos MESA 2

Análise da situación actual que viven os contornos habitados en canto aos novos modelos de mobilidade. Estudarase a significativa progresión ascendente da circulación de vehículos de mobilidade persoal e bicicletas en relación aos novos deseños de vías, rúas e prazas baixo o modelo de mobilidade sostible.

A súa progresiva utilización incrementa a perturbación do benestar e a percepción da inseguridade, especialmente das persoas que camiñan. Ante iso debemos formularnos tanto cuestións de disciplina viaria como outras relacionadas co deseño das rúas, a necesidade de calmar o tráfico motorizado e de ampliar as zonas de coexistencia con prioridade peonil.

Asuntos como a normativa en vigor, o uso de casco, a idade mínima para o uso destes instrumentos son materia de debate, así como o estudo de novas fórmulas de cobertura de seguros para accidentes causados por VMP e bicicletas, xa que na actualidade causan un dano ao que non poden responder, cargando a vítima do custo económico das posibles intervencións.

En resumo, faise necesario garantir a seguridade de todos os usuarios dos espazos urbanos, contribuíndo a evitar conflitos entre usuarios da vía, así como satisfacer as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras.

Programa

18:30 MESA 3. Novas metodoloxías de educación para a boa mobilidade

FACILITA

Octavio Moreno Cabrera. Subdirector Adxunto, na Subdirección Xeral de Ordenación Académica do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

MODERA

Constantino Fuentes González. Profesor de secundaria.

COLOQUIO

Raquel Navas Hernández. Asesora pedagóxica da Unidade de Intervención Educativa da DXT.

Juan Antonio Gutiérrez. Delegado de AESLEME en Galicia.

Aurora Romar Gasalla. Profesora do IES As Telleiras (Narón).

Mónica Aznar. Vicepresidenta do Consello Xeral da Educación Física e Deportiva (COLEF).

MESA 3

Relatorio marco (persoa facilitadora): 15'

Coloquio dirixido pola persoa moderadora (15' cada participante aprox): 75'

Preguntas do público: 20'

Conclusións (persoa moderadora): 10'

Obxectivos MESA 3

Punto de encontro para a análise, a reflexión e o intercambio de experiencias, para buscar a mellora da seguridade viaria desde o ámbito da educación e formación, tendo en conta as diferentes idades ás que se dirixe.

A educación e formación viaria debe estar presente ao longo do ciclo vital das persoas en todos os ámbitos e todos os modos de mobilidade, de aí a importancia de empezar nas escolas nas primeiras idades e que mellor que facelo a través da propia materia de Educación Viaria que se entende como unha parte máis da educación cívica dos cidadáns para favorecer a boa convivencia nas vías públicas.

É necesario formar non só desde o coñecemento da norma senón tamén nos valores sociais como tolerancia, respecto, solidariedade así como percepción do risco, reflexionando sobre o rol profesional de todos os actores implicados na mellora da seguridade viaria, a través de contidos de concienciación e sensibilización viaria como comportamentos prosociais, sostibles e eficientes e actitudes viarias seguras, saudables e positivas, todo iso como factores determinantes na mobilidade futura nas vías públicas.

Promover accións e talleres de boas prácticas de educación para a mobilidade segura, sostible e accesible, así como o deseño de accións, actividades e materiais que sirvan de ferramentas para o desenvolvemento e implementación de plans básicos e proxectos de actuación e coordinación en educación viaria.

Programa

20 DE MAIO

10:00 MESA 4. Cooperación internacional

MODERA

María Pérez Rico. Directora de Desenvolvemento Estratéxico de International Links Global.

RELATORES

Laura Daniela Gómez. Coordinadora de proxectos en Despacio.org, en Colombia.

Emrah Kocak. Docente. Coordinador da Equipa de Proxectos da UE na Dirección Provincial de Educación Nacional de Konya (Turquía).

Iago Grueiro. Alumno do IES Catabois

Javier Oliveira. Alumno do IES Telleiras

12:00 Café

12:30 Conferencia de peche

Marta Román. Xeógrafa, membro de Gea 21, experta en mobilidade e infancia.

13:30 Clausura

Conclusións Ana Montalbán. Coordinadora Técnica Rede de Cidades que Camiñan.

Peche Marián Ferreiro Díaz. Alcaldesa de Narón.

MESA 4

5 relatorios de 15' con presentación: 75'

Coloquio dirixido pola persoa moderadora: 20'

Preguntas do público: 15'

Conclusións (persoa moderadora): 10'

Obxectivos MESA 4

Os obxectivos que se perseguen nesta mesa son os de expoñer as diferentes iniciativas conxuntas a desenvolver e poñer en marcha proxectos de cooperación que promovan:

- a cidadanía activa
- a innovación social
- a participación na vida democrática

Todo iso a través da aprendizaxe entre iguais e o intercambio de experiencias de boas prácticas.

Proporcionar a oportunidade de probar as súas ideas con iniciativas que lles dan a posibilidade de participar directa e activamente na planificación e implementación de proxectos.

Coñecer información sobre proxectos transnacionais de cooperación baseados en asociacións multilaterais entre organizacións activas no campo da mobilidade sostible, segura e accesible.

Un dos temas primordiais nesta mesa é como fomentar o diálogo, a cooperación, o traballo en rede e os intercambios de prácticas no campo da mocidade, como seminarios, conferencias, talleres e encontros. Así como desenvolver novos métodos, materiais e ferramentas.

Cronograma

XOVES 19 DE MAIO

09:00 - 10:00 Recepción de invitados/as:
entrega de documentación e acreditación

10:00 - 10:30 Inauguración

10:30 - 11:30 Conferencia inaugural

11:30 - 12:00 Café

12:00 - 14:00 MESA 1. Un novo modelo de
espazo público

16:00 - 18:00 MESA 2. Mobilidades alternativas e
seguridade viaria

18:00 - 18:30 Café

18:30 - 20:30 MESA 3. Novas metodoloxías de
educación para a boa mobilidade


VENRES 20 DE MAIO

10:00 - 12:00 MESA 4. Cooperación internacional

12:00 - 12:30 Café

12:30 - 13:30 Conferencia de peche

13:30 - 14:00 Clausura



Entidades colaboradoras

O III Congreso Galego de Seguridade e Educación Viaria é un evento organizado polo Concello de Narón que conta con distintos apoios institucionais e técnicos relacionados coa transformación do espazo público e os novos conceptos da mobilidade.

Organizan

Concello de Narón

Educación Viaria

Rede de Cidades que Camiñan

Patrocinan

AGASP - Academia Galega de Seguridade Pública

Deputación da Coruña

Grupo Caeiro

Entidades colaboradoras

Asociación AESLEME

CERMI

DXT

FESVIAL - Fundación para a seguridade viaria

Fundación CNAE

Fundación Ibercaja

Gea 21

ONCE

Stop Accidentes

The background is a vibrant, abstract composition of overlapping, organic shapes in three primary colors: teal, yellow, and pink. The shapes vary in size and orientation, creating a sense of movement and depth. The teal shapes are often elongated and curved, while the yellow shapes are more angular and blocky. The pink shapes are scattered throughout, adding a soft contrast to the other colors. The overall effect is a dynamic and colorful visual field.

As perceções primeiras